



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Estancias Clínicas II		Código	750G01026
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Sobrido Prieto, Natalia	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es	
Profesorado	Sobrido Prieto, Natalia Talegón López, Julia Margarita	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es j.talegonl@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descripción xeral	<p>Esta materia supón a primeira inmersión dos estudiantes na contorna clínica, mediante prácticas reais en unidades de hospitalización.</p> <p>A través das mesmas deberán integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da Enfermería, para proporcionar coidados ás persoas nas diferentes situacións de saúde.</p> <p>Os estudiantes completarán os seus rotatorios con diferentes actividades que están orientadas á consecución de diferentes competencias da materia.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non existen modificacións nos contidos da materia</p> <p>2. Metodoloxías  *Metodoloxías docentes que se manteñen: Portafolios do alumno/a Prácticas clínicas.  *Metodoloxías docentes que se modifican: Non existen modificacións nas metodoloxías da materia.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: - Correo electrónico: De uso para facer consultas e resolver dúbidas. - Moodle: Nas datas establecidas para as diferentes entregas, utilizaremos esta plataforma para facer o seguemento do portafolio do/a alumno/a. - Teams: Para as titorías e revisións das avaliacions finais dos rotatorios de práctica clínica.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: Non existen modificacións no sistema de avaliación da materia.  *Observacións de avaliación: A avaliación desta materia só será posible se o/a alumno/a completou alo menos o 75% da totalidade das horas asignadas ás prácticas clínicas nesta materia. Unha porcentaxe inferior suporá un NP na avaliación. De ser posible, se completarán as prácticas no período establecido polo profesorado, antes da data de peche de actas (tanto xuño como xullo) e no servicio que se considere oportuno en función das necesidades, podendo non coincidir co lugar no que se iniciaron.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non existen modificacións na bibliografía.</p>
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título		
	Competencias / Resultados do título		
Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1.- Traballar en equipo.		A62	B1 C1
Distinguir o rol da enfermeira e identificar o rol dos diferentes membros do equipo.		B3	C3
Demostrar disposición para o traballo cooperativo dentro do equipo asistencial		B5	C7
		B7	C10
		B11	C12
		B13	
		B14	
		B19	
		B24	



2.- Capacidade de comunicación  Poñer en práctica os elementos básicos da comunicación enfermeira-persoa enferma.	A62  B7 B14 B15 B16	C1 C12
3.- Aplicar o proceso de atención de enfermaría.  Aplicar na práctica asistencial os coñecementos aprendidos do proceso de atención de enfermaría Executar as técnicas e protocolos garantindo a seguridade e de acordo ao establecido na institución asistencial.	A62  B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24	C1 C3 C4 C10 C11 C12
4.- Incorporar á práctica profesional os principios éticos e legais que guían á profesión.  Respectar as opinións, valores, crenzas das persoas e garantir a confidencialidade e privacidade da información persoal e clínica. Cumprir as normas de funcionamento das unidades ou servizos.	A62  B6 B16 B20 B24	C4 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
PRÁCTICAS CLÍNICAS TUTELADAS, REALIZADAS EN UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN.	- Situación nun centro sanitario. Coñecemento do seu funcionamiento e normas a seguir. - Integración nun equipo de saúde. - Ingreso do paciente. Protocolo de admisión. - Planificación de coidados. - Realización de técnicas e procedementos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	108	7	115
Portafolios do alumno	B1 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	0	30	30
Actividades iniciais	B6 B10 B11 C7	4	0	4
Atención personalizada		1	0	1



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Prácticas clínicas	A práctica clínica é o proceso sistemático e organizado mediante o cal os estudiantes integran os coñecementos e competencias da enfermaría e adquieren a formación clínica adecuada en centros asistenciais, baixo a tutorización do profesor asociado e de profesionais de enfermaría cualificados e a responsabilidade do profesor titular da materia. A realización das prácticas clínicas segundo a programación establecida desde a materia son de carácter obligatorio.
Portafolios do alumno	Documento composto de diferentes seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto de todas as actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno. A realización e entrega a través de Moodle do portafolio é de carácter obligatorio.
Actividades iniciais	Actividades que levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no medio hospitalario. Desenvólvense mediante dúas sesións en escenarios diferentes. Unha primeira sesión ten lugar no entorno académico (mediante Teams) e durante a mesma especificáñanse todos os aspectos necesarios e de interese para o correcto desenvolvemento da materia. Nunha segunda sesión reúñese aos alumnos dentro do entorno clínico onde se tratan aqueles aspectos específicos do medio no que se atopan, tratando de establecer unha sesión de acollida ao alumno no centro hospitalario en cuestión.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Prácticas clínicas	Nas Prácticas Clínicas a atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos no entorno clínico
Portafolios do alumno	orientándoos á consecución de competencias establecidas.  No desenvolvemento Portafolio a profesora responsable guía o proceso de maneira personalizada.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Informe da profesora asociada de prácticas clínicas, en coordinación coa responsable de cada unidade de enfermaría.  Avaliaranse as seguintes competencias:  1) Comunicación/Relación 2) Proceso Enfermeiro 3) Alteracións da Saúde/Ciclo Vital 4) Técnicas e Procedimentos 5) Traballo en Equipo 6) Ética Profesional	80
Portafolios do alumno	B1 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Documento composto de diferentes seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto de todas as actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno. A realización e entrega a través de Moodle do portafolio é de carácter obligatorio.	20

Observacións avaliación



**PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE**As prácticas clínicas son obligatorias e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas constitúen unha infracción grave e poden supoñer, a criterio do profesor titular responsable, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas. As datas e horarios nas que cada estudiante realizará as prácticas clínicas faranse públicas antes do inicio destas. A aplicación das porcentaxes correspondentes realizarase sempre e cando o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Portafolio) superadas de xeito independente. Cando o alumno non supere de xeito independente as dúas probas supoñerá a cualificación de SUSPENSO en acta. Se a media aritmética supera o 5, ao non ter superadas algunha das avaliacións, figurará con 4,9 en acta. O feito de non presentar o Portafolio e ter superado as prácticas clínicas implica figurar en acta como NON PRESENTADO, podendo presentalo na segunda oportunidade. As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida. Os estudiantes que no demostren ter acadado as competencias avaliadas na práctica clínica na primeira oportunidade, serán sometidos a un exame práctico que deberán superar para poder acceder novamente ao entorno clínico e proceder á recuperación desta parte da materia. A materia atenderá ao establecido no Regulamento de Prácticas Clínicas e Prácticum da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, vixente no curso académico.

**MATRÍCULA DE HONRA:**Poderán optar a matrícula de honra aqueles estudiantes cunha media superior ao 9,5 quedando supeditada á consideración dos profesores da materia, se así o estimasen oportuno.

**MATRÍCULA PARCIAL:**Os alumnos suxeitos a MATRÍCULA PARCIAL poderán solicitar un rotatorio en concreto, a través de Moodle e durante o período que se estableza para ese efecto e sempre antes da publicación definitiva coa asignación.

**DISPENSA ACADÉMICA:**Dada a obligatoriedade de asistencia á práctica clínica, nesta materia non se admite dispensa académica.

**FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS**Segundo o establecido na normativa da UDC:

- 1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudiantes ou un comportamento impropio, procederase á expulsión inmediata do estudiante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.
- 2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.
- 3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.
- 4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- NANDA Internacional (2019). Diagnósticos enfermeros : definiciones y clasificación : 2018-2020. Barcelona: Elsevier</li><li>- Johnson, Marion (2012). Vínculos de NOC y NIC a Nanda-I y diagnósticos médicos : soporte para el razonamiento crítico y la calidad de los cuidados. Madrid : Elsevier</li><li>- González Gómez, Inés Carmen. Herrero Alarcón, Angustias (2015). Técnicas y procedimientos de enfermería. Madrid: DAE</li><li>- (2015). Herramienta online para la consulta y diseño de Planes de Cuidados de Enfermería. [Internet]. NNNConsult. Elsevier</li></ul>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Anatomía/750G01001

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004

Farmacoloxía/750G01011

Estancias Clínicas I/750G01025

Enfermaría Clínica I/750G01034

Fisioloxía/750G01105

Fundamentos de Enfermaría/750G01107

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Enfermaría Clínica II/750G01035

**Materias que continúan o temario**

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Practicum/750G01032

**Observacións**

\* Os alumnos que cursen esta materia deberán haber superado la &nbsp;materia Estancias Clínicas I, que lles permita realizar unhas prácticas clínicas nunha contorna real como é o hospitalario. Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumplir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":&nbsp;1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos&nbsp;2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías